



OUTONO...TI VÉS DE ENTRAR



Sinto que me convidas
e que me queres levar
de troula polos teus lares,
Outono, ti vés de entrar.
Amósa-las túas pegadas
con fungos, castañas e landras,
Outono, entre nós queres ficar.
Olláronte nas altas arbores,
querendo as súas cores trocar...
Outono, non desemules
que non me vas enganar.
Ó vento por pincel tomaches
con auga das nosas fontes
raios de sol misturaches.
E, tinxe que tinxe
a nosa natureza disfrazaches!
Mais, nús moi nús
Algunhas árbores deixaches.
Escatimácheslles as cores,
guindácheslles as súas roupaxes,
Outono, como queres celebrar,
Cando non todas teñen que estrear?
Ainda que unha vasta esteira
moi extendidiña o seu nome honra!
Outono, como queres celebrar,
se o liquidambar non se pode amañar?

EDI C. C.